



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE 2018

EXPEDIENTE: 2018/G010/000007

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luis Constante Freire Pérez de Juan

Fátima Insua López

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Francisco Javier Niño Ricoy

Escusan a súa ausencia:

--

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás dez horas e un minutos do día vinte de decembro de dous mil dezaioito e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (22.11.2018).

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 22.11.2018 que estaba pendente de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan deixar pendente de aprobar a acta por parte de todos os membros presentes.

2. APROBACIÓN SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL ANO 2019 DO CONCELLO DE ABEGONDO

Dáse conta dunha proposición ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos en xeral que dí:

ASUNTO: ORZAMENTO MUNICIPAL 2019.

EXPEDIENTE:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O alcalde-presidente de Abegondo formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2019, de acordo co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril

SEGUNDO. O expediente contén cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en diante)
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

781/1986, do 18 de abril (TRRL, en diante)

- Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRL, en diante), especialmente os artigos 162 a 171.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, artigos 2 a 23.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria (LOEO, en diante).
- Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria (RDEO, en diante)

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO. O expediente orzamentario formado polo Sr. Alcalde-Presidente cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL, respeta o principio de estabilidade orzamentaria que esixe a Lei orgánica 2/2012 e contén todos os documentos e informes que establece a normativa sobre facendas locais.

SEGUNDO. Corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para o ano 2017, según establecen os artigos 22.2.e) da LBRHL, artigo 168.4 do TRLRHL e artigo 50.11 do ROF

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar, en aplicación do artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria, o límite inicial de gasto non financeiro (Capítulos 1 a 7 de gastos) para o exercicio 2019, que ascende á contía de 4.782.384,81 €, coherente co principio de estabilidade orzamentaria.

SEGUNDO.- Aprobar Inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Abegondo para o exercicio económico 2019, segundo os resumos por capítulos que se indican a continuación:

Capítulo	Ingresos	Gastos
1	1.181.554,70	1.203.121,41
2	35.000	1.947.280,32
3	433.075	3.000
4	2.200.045,46	200.500
5	1.500,00	
6		1.210.998,39
7	518.212	
9	195.512,96	
TOTAL	4.564.900,12	4.564.900,12

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente a Plantilla que se acompaña como Anexo ao Proxecto de Orzamento.

CUARTO.- Actualizar as retribucións dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, na contía de 115 euros brutos mensuais, respectando os límites do establecidos na DA 35º da Lei 6/2018 de Orzamentos Xerais do Estado 2018. Quedan excluídos os trienios aos que no seu caso ten dereito por tratarse dun funcionario de carreira e atoparse en situación de servizos especiais, tal e como sinala o artigo 75bis.1



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

da LBRL.

QUINTO.- Establecer a favor do persoal de eventual de confianza as retribucións de 28.700 euros brutos anuais, que se percibirán en catorce pagas (12 de carácter mensual e 2 nos meses de xuño e decembro). Quedan excluídos os trienios aos que no seu caso ten dereito por tratarse persoal da Xunta de Galicia e atoparse en situación de servizos especiais.

SEXTO.- Ordenar a publicación no BOP de A Coruña do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Orzamento e a Plantilla consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

SÉTIMO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para o cumprimento da obriga de remitir copia do Orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Logo da explicación do alcalde-presidente, ábrese o debate:

Francisco Javier Niño Ricoy: Con respecto aos orzamentos non deixan de ser un déjà vu con respecto aos anos anteriores. Desenvolvemento económico e de emprego baixo mínimos as asistencias sociais teñen escasa cantidade aínda que se incrementa con respecto a outros anos pero é irrelevante se se compara con outras partidas como festexos. Estamos pola remunicipalización dos servizos pero o monto económico máis importante é para os traballos realizados por outras empresas exteriores se deixamos a un lado os salarios.

O concello carece de iniciativa económica e que fixe poboación. O Concello vai baixando poboación e debemos colaborar para evitar a diminución demográfica.

Hai partidas en camiños: 420.000 € en asfalto, ano electoral e pesa no orzamento. Entendemos que non debe de ser electoral senón todos os anos. E imos votar en contra.

Alcalde-Presidente: ¿Qué diferencia hai con respecto a outros anos?

Francisco Javier Niño Ricoy: Véase explicitamente a reparación de camiños e iso é electoral.

Alcalde-presidente: Non acabo de entender o seu empeño en incrementar a partida de emerxencia social.

Francisco Javier Niño Ricoy: Existe un pequeno incremento pero hai 35 persoas con prestación non contributiva co cal entendo que a emerxencia social é evidente. Existen moi poucos cartos para desenvolvemento rural, fomento de emprego, só 14.000€. O apoio aos sectores económicos do concello me parece case ridículo e hai case 30.000€ para gastos e festexos que debe estar equilibrado.

Alcalde-presidente: Agradézolle as súas palabras e son demagóxicas. Non sei se sabe que fomento do emprego non é unha función municipal e non ten a obriga, neste caso temos un axente de emprego para colaborar co emprego pero en sí non é unha tarefa municipal. O único que temos nós neste senso son as colaboracións coa Xunta e a Deputación e non podemos colaborar máis porque o temos prohibido.

Francisco Javier Niño Ricoy: Este concello non se desenvolve como noutros concellos.

Logo dun breve debate no que se intercambian opinións sobre o polígono ecoagrario retoma a palabra o alcalde.

Alcalde-presidente: Repítolle o de emerxencia social. Este non é un concello rico pero tampouco temos o problema como Bergondo ou Carral con problemas de integración social e pobreza. Neste concello fíxose unha política de rehabilitación cada ún ten a súa casa e o baño. A xustiza vése cando hai igualade. Por outro lado, a baixada de poboación, no momento en que se anulaban as normas subsidiarias, baixou a poboación.

Francisco Javier Niño Ricoy: Se as cousas non se fan ben, o barco non chega a bo porto. Responsabilidade na





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

xestión.

Alcalde-presidente: É moi fácil buscar nos plans e atopar algo para tiralos.

Francisco Javier Niño Ricoy: Con respecto a estes orzamentos o recibimos de forma completa o luns. A participación dos concelleiros da oposición foi nula e non digamos a veciñanza.

Alcalde-presidente: Dende agora ata o próximo pleno ten para facer achegas.

Neste momento María Ángeles Vilas Pedreira abandona o pleno.

Fátima Ínsua López: Non imos a entrar a analizar cantidades nin partidas. O goberno elabora os orzamentos que considera pero sorpréndenos que se lea a memoria en non a proposta.

Neste intre o alcalde-presidente lé a proposta.

Fátima Ínsua López: Temos algunhas dúbidas, como a reforma da casa consistorial que está orzamentada ou o centro social de Sarandós.

Alcalde-Presidente: A reforma vén por unha subvención do IDAE para eficiencia enerxética o concello achega 20.000€ e en Sarandós é a pista de baile ten axuda do Agader de 60.000€ e do remanente de tesourería. Hai que arranxar a tella e son cerca de 400m2.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata DíazLuís Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 0

Abstención: 4 (Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2019"

Por parte do alcalde-presidente dáse conta dunha proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, que indica o seguinte:

ASUNTO: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2019"

EXPEDIENTE: 2018/G006/000104

Vista as BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2019", plan da Deputación provincial da Coruña para o exercicio 2019 que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

provincia.

Por iso, a finalidade do POS 2019 é dobre: en primeiro lugar a realización de novos investimentos nos concellos contribuíndo con iso a garantir a prestación dos servizos municipais e á reactivación da economía, e en segundo lugar a axuda ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o financiamento dos mesmos ou máis gastos correntes que os pasados anos. Trátase polo tanto, dun plan de mercado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

En bases ao antedito elabóranse proxectos de:

Reparación de camiños nas parroquias de Abegondo, Mabegondo e Crendes
Reparación de camiños na parroquia de Montouto
Reparación camiños nas parroquias de Viós e Meangos
Reparación camiños nas parroquias de Cabanas e Sarandos
Reparación camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso
Reparación de camiños nas parroquias de Figueroa, Montouto, Abegondo e Mabegondo
Reparación de camiños nas parroquias de Cos, Cullergondo e Viós
Seguridade vial en camiño de Vilanova, Abegondo a campo de nosa señora da Saleta, Presedo (AB-0850) e outros
Reparación de camiños nas parroquias de Cullergondo, Figueroa e Leiro
Reparación de camiños nas parroquias de Folgoso e Mabegondo

Contan cos informes técnicos e xurídicos necesarios

Visto os antecedentes expostos, esta alcaldía propón ao Pleno, a aprobación do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018(asignación e baixas)”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00.-	0,00.-	0,00.-
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00.-	0,00.-	0,00.-
Subtotal pago a provedores	0,00.-	0,00.-	0,00.-

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2019	284.675,46.-
Subtotal gasto corrente	284.675,46-

C) Financiamento de investimentos:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración	0,00.-	0,00.-	0,00.-
Subtotal investimentos achega provincial 2019	0,00.-	0,00.-	0,00.-

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos “financeiramente sostibles”)	Grupo de programa	Financiamento do investimento		
		Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación de camiños nas parroquias de Abegondo, Mabegondo e Crendes	1531	44.762,18.-	--	44.762,18.-
Reparación de camiños na parroquia de Montouto	1531	46.683,42.-	--	46.683,42.-
Reparación camiños nas parroquias de Viós e Meangos	1531	38.256,28.-	--	38.256,28.-
Subtotal investimentos achega provincial 2018		129.701,88.	--	129.701,88.-

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Reparación camiños nas parroquias de Cabanas e Sarandos	39.798,58.-	--	39.798,58.-
Reparación camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso	45.659,26.-	--	45.659,26.-
Reparación de camiños nas parroquias de Figueroa, Montouto, Abegondo e Mabegondo	35.868,62.-	--	35.868,62.-
Reparación de camiños nas parroquias de Cos, Cullergondo e Viós	33.447,01.-	--	33.447,01.-
Seguridade vial en camiño de Vilanova, Abegondo a campo de nosa señora da Saleta, Presedo (AB-0850) e outros	40.739,48.-	--	40.739,48.-
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	195.512,96.-	--	195.512,96.-

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do	Importe de “préstamo provincial 2019”
---------------------	------------------	---------------------------------------



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

	préstamo	aplicado á redución da débeda
		0,00.-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00.-

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
	0,00.-
Subtotal redacción proxectos	0,00.-

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concell o	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	0,00.-		0,00.-
	Achega 2019	0,00.-		0,00.-
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	284.675,46.-		284.675,46.-
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	0,00.-	0,00.-	0,00.-
	Achega 2018	129.701,88.-	0,00.-	129.701,88.-
	Préstamo 2019	195.512,96.-	0,00.-	195.512,96.-
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0,00.-		0,00.-
TOTAL	Achega 2019	284.675,46.-	0,00.-	284.675,46.-
	Achega 2018	129.701,88.-	0,00.-	129.701,88.-
	Préstamo 2019	195.512,96.-	0,00.-	195.512,96.-
	TOTAL	609.890,30.-	0,00.-	609.890,30.-

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Reparación de camiños nas parroquias de Cullergondo, Figueroa e Leiro	153	37.450,77.-
Reparación de camiños nas parroquias de Folgoso e Mabegondo	153	55.440,59.-
TOTAIS		92.891,36.-

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan,)

Votos en contra: 0

Abstención: 4 (Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

Francisco Javier Niño Ricoy: Voume abster. Paréceme ben, pero poderíase facer outra distribución. O contorno do encoro necesita dunha actuación.

Alcalde-presidente: Estou de acordo con vostede. A miña idea é facer unha senda ciclable que a Deputación aprobou e vai meter fondos Feder europeos para completar as sendas ciclables dos concellos de A Coruña, por iso é mellor antes a senda que a mellora e se hai algún bache se subsanará.

Francisco Javier Niño Ricoy: O tema era tamén mantemento en xeral. Comentoume o arquitecto técnico municipal que hai unhas lápidas de pedra e para iso hai que adecentar o encoro, que están no medio do monte.

Alcalde-presidente: Que cando se coloquen as pedras que se faga dun xeito que non se deteriore.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Fátima Ínsua López: Nada que engadir. Ímonos abster.

Roberto Gómez Lesta: ¿Para o ano que vén hai algo para Vilacoba?

Alcalde-presidente: En xeral, Vilacoba non está mal.

Roberto Gómez Lesta: Da parte de Freán a Xesteira está moi mal.

Alcalde-presidente: Que se arranxe con medios propios a petición de Roberto de Vilacoba.

Neste intre o alcalde-presidente comenta que lle ía poñer a Roberto unha placa pola preocupación que amosaba por Vilacoba, ao que o concelleiro respondeulle que a él non, en todo caso de poñerlla a alguén que fora a Fina (súa nai) que abriu co seu diñeiro a “pista do Coto”.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde Presidente dá por finalizado o acto ás once horas e trinta e cinco minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O Alcalde Presidente
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.